


# GOLFÍN O X



Yasmina  
[Signature]



## **GOLFIÑO nº 10, ano 2007, I.E.S. Cabo Ortegal**

<b>PORTADA .....</b>	<b>Yasmina Pardo González</b>
<b>FOTOGRAFÍA .....</b>	<b>Lara Fontela Alvelo Ángela Valadés Armada Mari Carmen Luaces Martínez Socorro Rey Rego Beatriz Fernández Mourente</b>
<b>MAQUETACIÓN .....</b>	<b>Socorro Rey Rego Beatriz Fernández Mourente</b>
<b>REDACCIÓN .....</b>	<b>Lara Fontela Alvelo Mari Carmen Luaces Martínez Ángela Valadés Armada Yasmina Pardo González Noel Yáñez Rubido Laura Ramos Crego Nicole Domínguez Castrillón Macarena Castro Sueiras Socorro Rey Rego Beatriz Fernández Mourente</b>
<b>COORDINACIÓN .....</b>	<b>Socorro Rey Rego Ánxeles Souto Domínguez Beatriz Fernández Mourente</b>
<b>IMPRESIÓN .....</b>	<b>MUNDOGRAF SC</b>

# CONTIDOS

AGRADECEMENTOS .....	4
EDITORIAL .....	5
PRESENTACIÓN DO GOLFIÑO IX .....	6
A ENQUISA .....	8
O I.E.S. CABO ORTEGAL NO TEMPO .....	11
ENTREVISTAMOS A ... ..	16
MÚSICA .....	20
DEPORTES .....	21
CÓMIC .....	22
CERTAME “SANTO ANDRÉ” .....	24
OS NOSOS ESCRITORES .....	32
OS NOSOS ARTISTAS .....	40
AXENDA 2006-2007 .....	43
I CICLO DE CINE EN VERSIÓN ORIXINAL .....	45
AS NOSAS FESTAS .....	46
VIAXES .....	56
AS MALAS LINGUAS .....	62
PASATEMPOS .....	64
BENVIDOS .....	71



Lara FONTELA



Mª Carmen LUACES



Angela VALADÉS



Yasmina PARDO



Noel YÁÑEZ



Nicole DOMÍNGUEZ



Laura PARDO



Macarena CASTRO

# **AGRADECEMENTOS**

Ante a petición de axuda que fixemos dende a redacción ás empresas e establecementos locais só algúns responderon e colaboraron con nós axiña. Por esta razón queremos agradecerlles as súas aportacións a:

**LIBRERÍA AGARIMO**

**LIBRERÍA ABRENTE**

**DEPORTES LUIS**

**FOTO LUISMY**

**CAFETERÍA DO IES CABO ORTEGAL**

e

**INFOSYSTEMS**

Tamén queremos dar as grazas, pola súa colaboración desinteresada, aos profesores e profesoras que contribuíron cos traballos dos seus alumnos para a revista ou con calquera outra aportación persoal: Alejandra Pérez, Paula Rodríguez, Consuelo Benito, Isabel González, Andrés Vizoso, Elisa Álvarez, Beatriz Otero, Marco Vélez, Yves Bourdin ...

**MOITAS GRAZAS A TODOS E TODAS!**



# EDITORIAL

Este ano vimos cargados de novas. Estamos na páxina web do centro (<http://centros.edu.xunta.es/iescaboortegal>). Estivemos en todos os festivais e actos celebrados en datas conmemorativas, Nadal, Entroido, Letras Galegas e Fin de Curso, e procuramos estar ao tanto de todo o que acontece ao noso arredor.

Comezamos coa presentación do *Golfiño IX*, á que asistiron os nosos colaboradores.

Nesta edición adicamos a sección *Cariño no tempo* á celebración do XXV aniversario do noso Centro, compilando fotografías de antigos alumnado e profesorado do I.E.S. Cabo Ortegaleira.

As entrevistas deste ano centráronse en ex-alumnos e ex-alumnas do Centro, para ver como lles vai polo mundo adiante; na música, co novo grupo local *Caída Libre*; e no deporte, co descubrimento dunha campiona de España de bádminton no C.E.I.P. Manuel Fraga Iribarne.

Xunto aos Institutos de Cedeira e Ortigueira organizamos o Certame Intercentros *Santo André de Teixido* nas modalidades artística e literaria. Aquí podedes atopar as obras gañadoras do concurso na presente convocatoria.

Asemade, esta vez houbo unha alta participación nas seccións *Os nosos escritores*, con poemas, contos, lendas e artigos; e *Os nosos artistas*, con debuxos, pinturas e manualidades feitos polos nosos alumnos e alumnas. Parece que prometen!. E tamén temos unha carta dun profesor que estivo de intercambio.

As saídas realizadas foron variadas. Grazas á actividade patrocinada pola Deputación de A Coruña, *Vivir o Mundo*, un grupo de alumnos do I.E.S. coñeceu París e unha das nosas reporteiros estivo alí. Tamén falamos da viaxe de estudos de 4º E.S.O. a Barcelona e Salou, organizada pola Vicedirección. E da saída a Manzaneda, con 1º e 2º da E.S.O., e da ruta de senderismo ao Limo, para todos os cursos, organizadas polo Departamento de Educación Física.

Non podían faltar os cotilleos de *As Malas Linguas*, nunca lles faltan chismes que contar, nin a sección de pasatempos, con sopas de letras, encrucillados e o concurso *Who is who?* (Quen é quen?), coas que podedes entretervos.

Por último, este ano tamén demos a benvida aos alumnos e alumnas que o próximo curso estarán entre nós.

Esperamos que vos guste este novo número de *Golfiño* e o vindeiro ano vos animedes a participar.

Ata pronto!

# PRESENTACIÓN DO GOLFIÑO IX



O Equipo de Redacción da revista Golfiño, xunto aos colaboradores do número 9, no acto de presentación na Cafetería do Instituto o 18 de decembro de 2006

Tanto o Equipo de Redacción da revista como os colaboradores recibiron obsequios doados polos establecementos colaboradores, DEPORTES LUIS, LIBRERÍA AGARIMO, LIBRERÍA ABRENTE, INFOSYSTEMS e a CAFETERÍA DO IES CABO ORTEGAL, que convidou a todos a uns aperitivos no seu local:

- **Andrés Fernández Ríos e Jonathan Soto Torobeo**, autores da portada seleccionada: 1 balón de baloncesto cada un, doazón de Deportes Luis.



Andrés Fernández e Jonathan Soto, autores da portada do Golfiño IX





- **O noso equipo de redacción:**
  - **M<sup>a</sup> Carmen Luaces Martínez e Ángela Valadés Armada:** 1 cámara web cada unha, doazón de Infosystems.
- **Os colaboradores da sección COMICS:**
  - **Xiana Abella Sánchez, Nerea Fontela Ferro e Adriana Gómez Ferro.**
- **Os colaboradores da sección PASATEMPOS:**
  - **Mateo Blanco Docal e Cristina Landrove:** 1 libro a cada un, doazón de Librería Abrente. **Lorena Pedre Carrodegua, Laura Quiza Lago, Patricia Deus Garrote, Natalia Teixeira de Magalhaes, Alejandro Iglesias Armada, Rubén Loureiro Orizales, José Luis Gómez Santiago, Luisa Hernández Balado, Tania Paineira Janeiro, Miriam Rodríguez, Daniel Pego Castro, Félix Villar Iglesias, Fabio Ríos Fernández. Manuel Armada Oca, Simón Prieto Paineira, Cristian Torres Gil, , Cristina Fraguela Caneiro, Manuel Senra Eiroa, Daniel Vila.**
- **Outros colaboradores :**
  - **Anael López Novo,** por *Buon viaggio*, e **Yago Orizales,** por *Da Coca-Cola ata Sargadelos:* 1 libro cada un, doazón de Librería Agarimo. **Paco Barge,** por *Tempo do chicharrón:* 1 bolígrafo.






**Membros do Equipo de Redacción do Golfiño X, Yasmina Pardo, Ángela Valadés, Mari Carmen Luaces, Lara Fontela, Noel Yáñez e Nicole Domínguez, coas profesoras coordinadoras Ánxeles Souto (esquerda) e Socorro Rey (dereita)**

# Os nosos hábitos, son vicios?






Case tódolos alumnos e alumnas ven diariamente a televisión unha media de 3 ou 4 horas. Os seus programas favoritos son as series ou as películas, seguidos dos debuxos de animación.






Por outra banda, case a metade contan cunha televisión no seu dormitorio, circunstancia que vai en aumento nos cursos superiores, e todos eles están a mirala até as 12 da noite.








O alumnado do centro non emprega o ordenador nun uso específico e visitan páxinas moi variadas, o uso do Messenger non ocupa un lugar preferente nos seus hábitos, e outra vez son os tres primeiros cursos os que xogan co ordenador de 2 a 3 horas diarias mentres que os maiores apenas o fan.





En tódolos cursos é habitual o uso do Mp3-Mp4, agás en 3º de E.S.O. onde pouco máis da metade aínda non o teñen. A música que escoitan é maioritariamente descargada de internet.



Está claro que a posesión do teléfono móbil está totalmente estendido e xa son moi poucos os que non o teñen. O tempo que o alumnado pasa utilizando o teléfono parece ser pouco na maioría dos casos



É sorprendente constatar o hábito de saídas nocturnas do alumnado: na E.S.O., agás os de 1º que apenas o fan, os de 2º curso xa son case a metade, os de 3º son a maioría é os de 4º son a totalidade, o mesmo que os de Bacharelato. O consumo de bebidas alcólicas comeza xa no 2º curso da E.S.O. e é habitual a partir de 4º.



Por último, a gran maioría dos alumnos e das alumnas non teñen o hábito do tabaco e están moi concienciados sobre os seus perxuízos polo que lles parece ben a lei sobre os espazos públicos que regula o seu consumo.



## O I.E.S. CABO ORTEGAL NO TEMPO

O Instituto de Cariño acaba de cumprir vintecinco anos e son moitas as vivencias pasadas neste centro por profesores vidos desde distintos puntos de Galicia, e por alumnos, hoxe moitos deles pais e nais dos estudantes que cursan actualmente os seus estudos no noso centro. A ver se descubrides nestas fotos a algún deles.



Alumnado de 2º BUP do curso 1982-83 diante do vello edificio xunto á Basteira



Excursión á Coruña do alumnado de 1º B.U.P. do curso 1982-83



Merenda campestre do alumnado de C.O.U. en 1985



Alumnas de C.O.U. en 1985





**Alumnado de 1º C do curso 1987-88 nas ventás da súa aula.**



**Saída do Maratón celebrado en 1988**





Profesorado do ano 1988



Profesorado do ano 1989





**Recoñecen os teus pais a alguén entre os profesores e profesoras que aquí aparecen?  
Algúns están na foto inferior 25 anos despois**



**Os máis veteranos na xuntanza con motivo da celebración do XXV aniversario: José Fuentes (ex-conserxe), Carmen Rodríguez, Rosa Troncoso, Fernanda Padín, M<sup>a</sup> Carmen López, Marina Fraguela, Marta Fernández, Abelardo Alonso, Concha Oliveros, Constantino Chao, Tono Fraguela e Manuel Rodríguez.**

# ENTREVISTAMOS A ...

## IVÁN PARDO

- 1. Qué ciclo fixeches?**  
Mantemento electromecánico de maquinaria e condución de liñas.
- 2. É difícil facer ese ciclo?**  
Si.
- 3. Qué era o máis difícil que tiñas que facer?**  
Autómatas programables.
- 4. Cántas clases tiñas ao día?**  
Seis clases.
- 5. Qué che gustaba máis a teoría ou a práctica?**  
A práctica.
- 6. Tes moito tempo libre?**  
Non.
- 7. Cómo facías para ir e para vir?**  
Pois ia e viña tódolos días.



## JAVIER BALADO



- 1. Qué estudos fixeches?**  
Ciclo Medio de Informática.
- 2. Pensaches estudar un curso superior?**  
Si.
- 3. Qué che gustaba máis a teoría ou a práctica?**  
A práctica. A teoría non me gusta moito.
- 4. Cántas clases tiñas o día?**  
Ás veces 6 e outras veces 8.
- 5. Estas contento no teu traballo?**  
Si, a verdade e que si.
- 6. Cómo levas o traballo?**  
Moi estresado e agotador para a vista xa que estou alí nove horas
- 7. Que lle dirías os alumnos do I.E.S.?**  
Que fixeran un ciclo.



## LETICIA FERRO

- 1. Qué estudos fixeches?**  
Diplomatura en fisioterapia, estudos de posgraao e varios cursos de especialización.
- 2. É moi difícil estudar esa carreira?**  
Non, en esixencia non, pero si en nota para acceder.
- 3. Cánta nota piden?**  
No ano en que entrei eu un 7,68.
- 4. Tiñades práctica ou só teoría?**  
Moita práctica. En 1º cos compañeiros e en 2º e 3º nos hospitais.
- 5. Aprobaches todo á primeira?**  
Si.
- 6. Cántas clases tiñas?**  
Pola maña 4 horas e pola tarde como mínimo 6 horas e como máximo 8.
- 7. Qué tal che vai no traballo?**  
Ben, non me queixo. Fago as cousas ao meu ritmo e como a min me gustan.



- 8. É moi difícil montar o teu propio negocio?**  
Montalo si, pero mantelo non.
- 9. Había algunha outra persoa de Cariño?**  
Si, nun curso superior.
- 10. Qué lles dirías aos alumnos do I.E.S.?**  
Que fagan o que lles guste e se ademais pode ter saída profesional moito mellor.

## RUBÉN FRAGUELA



- 1. Cánto tempo levas na mariña?**  
Un ano e cinco meses.
- 2. Qué foi o que che levou a entrar?**  
As posibilidades de futuro.
- 3. Tes algún destino?**  
Si, Ferrol.
- 4. Gustaríache estar noutro destino? Por qué?**  
Non, porque en Ferrol estou cómodo e cerca da casa.
- 5. É unha profesión moi dura?**  
Non, depende do nivel en que estes.

6. **Qué fas ti?**  
Mantemento, Supervisar que tódolos equipos estean perfectamente.
7. **Qué horarios tes?**  
De 7:30 da mañá as 15:00 da tarde.
8. **Qué fas no teu tempo libre?**  
Pois tomar algo por aí, Vou de compras, ao cine ...
9. **Hai algunha persoa da zona contigo na mariña? Quen?**  
Algunha hai. O Pance, Lobo e o Mata.
10. **Quédaste en Ferrol ou ves para Cariño tódolos días?**  
Quédome en Ferrol pola semana e as fins de semana veño para Cariño.
11. **Das compaxinado mariña e fútbol á vez?**  
Si, por agora si.
12. **Qué che gustaría máis estar nun equipo de fútbol profesional o continuar na mariña?**  
Nun equipo de fútbol profesional: o Valencia.

## TAMARA LOUREIRO E CAROLINA RAMONDE



1. **Qué estudades?**  
Perruquería
2. **En que curso estades?**  
No segundo ano.
3. **É moi difícil facer perruquería?**  
Se estudas non. Pero se pasas de todo si.
4. **Qué é o máis difícil que tedes que facer?**  
Estudar administración de empresas.
5. **Qué vos gusta máis a teoría ou a práctica?**  
A práctica.

6. **Cántas clases tedes ao día?**  
Seis polas mañás e os luns e martes tres pola tarde.
7. **Tedes moito tempo libre?**  
Si e non, depende do que fagamos.
8. **Estades sempre en Ferrol?**  
Non, a fin de semana estamos en Cariño.
9. **Cómo facedes para ir e vir?**  
Imos co pai de Carolina, ou co noivo de Tamara ou no tren.



**10. Quédavos o sitio onde estudades moi lonxe de voso piso?**

Non, só temos que cruzar a rúa.

**11. Participades nalgunha cousa que faga o instituto?**

Non este ano non o ano pasado si.

**12. Tedes pensado traballar nisto en Cariño ou en outro sitio?**

Noutro sitio.

**13. Por último, que lles diríades os alumnos do I.E.S.?**

Que saúdos e que estuden moito.

## IVÁN LÓPEZ E ABEL FREIRE



**1. En que curso de electricidade estades?**

En segundo.

**2. Cántas clases tedes o día?**

Seis horas. Cando temos clase pola tarde temos 11.

**3. É difícil facer electricidade?**

Nin difícil nin fácil.

**4. Qué é o máis difícil que tedes que facer?**

Abel: Administración.

Iván: Centros de transformación e enlace.

**5. Qué vos gusta máis a teoría ou a práctica?**

A práctica.

**6. Tedes moito tempo libre?**

Abel: Si

Iván: Non

**7. Tedes pensado traballar en Cariño ou noutro sitio?**

Mellor en Cariño, pero depende do que paguen.

**8. Cómo facedes para ir e para vir?**

Vamos no noso coche.

**9. Qué lle diríades os alumnos do I.E.S.?**

Qué fagan o que verdadeiramente lles gusta e que non se metan no que lles gusta os seus amigos se verdadeiramente non lles vai facer iso.



Mari Carmen LUACES MARTÍNEZ

3º E.S.O. A



# GALDIA

# LIBRE

- 1. Cómo vos chamades?**  
Diego Álvarez  
David Luaces  
Luis Ramos
- 2. Cantos anos tedes?**  
D.A.: 17  
D.L.: 17  
L.R.: 16
- 3. De onde sodes?**  
Somos de Cariño
- 4. Cómo se fundou o grupo?**  
Pois principalmente Luis díxolle a David para facer o grupo e de alí a dous meses fundouse
- 5. De que xurdiu a idea?**  
De Luis
- 6. En que ano?**  
Fai ano e medio
- 7. Estadades noutro grupo?**  
Diego si, en Costa Norte
- 8. Qué instrumentos utilizades?**  
D.A.: baixo  
D.L.: guitarra eléctrica  
L.R.: batería
- 9. Cantos anos levades tocando o instrumento?**  
D.A.: un ano  
D.L.: tres anos  
L.R.: dous anos e medio
- 10. Que música vos gusta?**  
D.A.: Hellowen, Green Day e Metallica  
D.L.: Nirvana, Cradle of Filth e Marea  
L.R.: La Fuga e Platero
- 11. As cancións son vosas?**  
Algunhas si e outras non
- 12. Tocades cancións dalgún grupo?**  
Si pero versionadas
- 13. Tedes algún colaborador?**  
Si, Xiana
- 14. Tedes moitas actuacións?**  
Non
- 15. Cantas veces á semana ensaiades?**  
Cando hai concerto semanas antes, e se non cando coincidimos os catro
- 16. Vos gustaría gravar un disco?**  
Si
- 17. Tedes algún proxecto feito?**  
Non
- 18. Pasádelo ben no grupo?**  
Si
- 19. Vos gusta moito actuar?**  
Si
- 20. Se deixarades o grupo que fariades?**  
Buscar outro
- 21. Cobrades por actuacións? En qué utilizades os cartos?**  
Non solemos pedir nada., se dan mellor. Utilizamos os cartos para cousas do grupo
- 22. Tedes algunha anécdota curiosa que tiverades nalgún concerto?**  
David, antes de actuar nun concerto non se acordou de mirar se estaba enchufada a guitarra

Lara FONTELA ALVELO-1º E.S.O. B  
Carmen LUACES MARTÍNEZ-3º E.S.O. B

# HILDA MARTÍNEZ LÓPEZ



Os nosos reporteiros moi concentrados durante a entrevista

**1. Qué deporte practicas?**

Bádminton

**2. Cantos anos fai que practicas este deporte?**

Uns 11 ou 12 anos

**3. Gañaches algún premio?**

Sí, son campiona galega e española

**4. En qué ano?**

Galega no 2006 e 2007 e española no 2007

**5. Algunha vez criches que ías ser campiona de España?**

Nunca

**6. Cantos días entreas á semana?**

Catro días: martes, xoves, sábados e domingos

**7. Cantas horas entreas cada día?**

Dúas horas

**8. Onde entreas?**

No polideportivo de Cedeira

**9. Provócache algunha satisfacción este deporte?**

Si, porque é un reto persoal

**10. Enfádaste moito cando perdes?**

Si, conmigo mesma nunca cos compañeiros

**11. Algunha vez tiveches envexa dalgunha contrincante?**

Non, pero sí admiración

**12. É moi caro practicar este deporte?**

Non, pódense atopar raquetas e pelotas moi asequibles e a roupa non ten porque ser especial

**13. A túa familia ten a mesma afección?**

O meu marido está a practicar e xoga a dobres comigo, A miña filla tamén practica pero o meu fillo non

**14. Algún consello para os rapaces e rapazas que queiran iniciarse nalgún deporte?**

Que practiquen algún deporte, o que lles guste, e si poden xa desde pequenos



Laura, Noel, Hilda, Nicole e Lara

Nicole DOMÍNGUEZ CASTRILLÓN  
Lara FONTELA ALVELO  
Laura RAMOS CREGO  
Noel YÁÑEZ RUBIDO  
1º E.S.O. B

# O B O T E M P O



¡POR FIN!  
ACABOUSE  
O FRÍO ...

ACABÁRONSE AS TARDES  
TAM LONGAS DURMINDO  
NO SOFÁ E COMENDO  
POR ABURRIMENTO.



E DESPOIS DE PASAR  
POLA PRIMAYERA...  
POR FIN CHEGA O VERÁN!

E CO VERÁN O CALOR  
OS XELADOS E O ASFALTO  
A 60º ...





# SOCORRO!!

!! QUE ALGUEN ME BOTE UMHA  
MAN!!



## !! DEUS QUE MAL SONO!!



Lara Fontela ALVELO 1º B

OS OUTROS EFECTOS DO  
VERÁN:

- CALOR EXCESIVO
- BABEO
- MALA LEITE
- PESADELOS
- NERVIOSISMO

E O ALCATRÁN POLAS  
NUBES

# CERTAME DE SANTO ANDRÉ DE TEIXIDO

Durante o curso 2006-2007 celebrouse o Certame Intercentros “*Santo André de Teixido*” nas modalidades artística e literaria, no que participaron o I.E.S. de Ortigueira, o I.E.S. Punta Candiera de Cedeira e o I.E.S. Cabo Ortegal de Cariño. Tódolos centros presentaron moitos traballos e resultou dificultosa a elección dos gañadores.

No apartado literario os traballos premiados foron:

## **1ª CATEGORÍA** (1º e 2º de E.S.O.):

–1º PREMIO: POESÍA: “*Amizade*”.

RELATO: “*O castelo embruxado*”.

## **2º CATEGORÍA** (3º-4º E.S.O. e 1º-2º de Bac.)

–1º PREMIO: POESÍA: “*Meu Ortegal*”.

–2º PREMIO: RELATO: “*As rochas non son politicamente correctas*”.

No apartado artístico os traballos premiados foron:

## **1ª CATEGORÍA** (1º, 2º e 3º de E.S.O.):

–1º PREMIO: TÉMPERA “*Cabo Ortegal*”.

–2º PREMIO: DEBUXO “*Festival Internacional do Mundo Celta*”.

## **2º CATEGORÍA** (3º e 4º E.S.O. E 1º e 2º de Bac.)

–1º PREMIO: COLLAGE “*A Comarca de Ortegal*”.

–2º PREMIO: DEBUXO “*Ortegal*”.



# AMIZADE



É un ser vivo,  
É meu amigo  
Un compañeiro  
Que sempre vai comigo.

Deféndeme, non me reprocha  
Cun pouco de cariño xa lle abonda  
Non me esixe, nin me deixa,  
É un colega, un compañeiro da alma  
Que noite e día acompaña a miña vida.

É un ser vivo,  
É meu amigo  
Un compañeiro  
Que sempre vai comigo.

Compartimos aventuras xogos e carreiras  
A súa ledicia é o meu contento  
Os seus ollíños unha ventá aberta o meu pensamento  
Cando estamos xuntos é o meu complemento  
A súa compañía écheme de alegría.

É un ser vivo,  
É meu amigo  
Un compañeiro  
Que sempre vai comigo.

É incondicional, fiel e leal  
Nunca me falla  
Está sempre cando o preciso  
Comparte todo comigo  
Por ser o mellor amigo.

É un ser vivo,  
É meu amigo  
Un compañeiro  
Que sempre vai comigo

Santiago PITA de NAVASQUÉS  
2º E.S.O. B  
I.E.S. CABO ORTEGAL (Cariño)  
1º PREMIO DA 1ª CATEGORÍA

# O CASTELO EMBRUXADO

Nunha aldea de trinta habitantes só había dous nenos. Eran irmáns e chamábanse Lucas e Cristina. Eles estaban acostumados a traballar no campo cos seus pais e os seus avós.

Un día ao xantar os avós preguntáronlles se nunca visitaran o vello Castelo, e os nenos díxéronlles que non. Os avós animáronos a ir e os nenos aceptaron. Pola mañá seguinte os nenos levantáronse cedo e emprenderon o camiño para o Castelo.

O Castelo era xigante, notábase que alguén rica e con moito poder viviu alí. Os nenos entraron e foron mirando pouco a pouco o Castelo, alí botaron tres ou catro horas e cando baixaban as escaleiras oíron unha voz que dicía:

- Non saíades, ides quedar aquí para sempre, iades morrer!

Os nenos asustáronse moito e comezaron a correr pero cando chegaron á porta ... pechouse!!! Quixeron romper os cristais pero foi inútil: os obxectos rebotaban e non se rompían. Cristina chamou polo teléfono móbil pero non había cobertura.

De súpeto comezaron a aparecer mesas voando e caíanlles sobre as cabezas. Lucas preguntoulle:

- Qué che fixemos nós para que ti nos fagas isto!

A voz do Castelo contestoulle:

- Fai millóns de anos que estou aquí e vós sodes a primeira visita que teño.

Os nenos preguntáronlle o por qué e o Castelo díxolles:

- Cando me construíron os pobos veciños estaban en guerra e a xente tiña medo de saír á rúa.

Os nenos correron e subiron as escaleiras, entraron nun cuarto onde había moitos libros e pecharon a porta, comezaron a buscar unha saída e encontrárona. De súpeto unha parede deuse a volta e apareceu unha porta, abrírona e foron camiñando polo pasillo cheos de medo, chegaron a unha habitación onde había un papagaio que lles dixo:

- Benvidos!

Eles tamén o saudaron e contáronlle a súa preocupación. O papagaio díxolles que el sabía a saída pero para saír tiñan que encontrar un baúl cunha chave dentro, o baúl estaba a tres pasos norte, vinte pasos leste e nove oeste.

Os nenos encontraron o baúl pero estaba pechado. Os nenos leváronlle o baúl o papagaio e este díxolles a pista para encontrar a chave que abría o baúl. O enigma era así:



- “Nun armariño estou agochada entre dous xarróns”

Lucas decatouse que na sala onde estaba a televisión había un armario con dous xarróns iguais. Cando encontraron a chave déronlla ao papagaio, todos xuntos abriron o baúl, encontráronse cun sobre e dentro a chave.

O papagaio díxolles:

- Tédesme que acompañar e eu guiareivos o camiño. Entraron nun cuarto baleiro onde só había unha planta ao lado da ventá.

O papagaio tirou a chave á terra da planta é ela tragouna, a planta comezou a falar:

- Tedes tres desexos. Cales son?

Lucas comezou a falar:

1. Saír do Castelo.
2. Que non exista o Castelo nunca máis.
3. Que todos os veciños da aldea teñan unha vivenda mellor.

A planta concedéulle-los pero antes converteu o baúl en ouro.

O Castelo desapareceu e eles apareceron na súa casa. Lucas e Cristina levaron o papagaio e a planta para as súas casas.

Á mañá seguinte todos tiñan unha vivenda mellor e maior. Os nenos repartiron o diñeiro entre todos os veciños da aldea e co resto que sobrou mandaron facer edificios para que aquilo xa non fose unha aldea e fose un pobo.

De alí a dous anos os nenos xa ían á escola todas as mañás, os país tiñan un traballo na fábrica, o pobo elevouse grazas aos turistas e todos vivían tranquilos e moi contentos co que tiñan

Yasmina PARDO GONZÁLEZ  
1º E.S.O. A  
I.E.S. Cabo Ortegá (Cariño)  
1º PREMIO DA 1ª CATEGORÍA

# MEU ORTEGAL

Este poema vai dedicado ó Ortegal  
Así dedícolle o meu sentimento,  
Zona costeira onde sempre sopra o vento,  
Zona máxica feiticeira e ancestral.

Coa súa grande beleza, enfeitizoume,  
Está ao fin do mundo á miña beira,  
Alí estou xunto á Garita de Herbeira,  
Cos seus cantís, namoroume.

O noso faro estrela de mariñeiros,  
Penetrante luz na escuridade  
Líbrame da miña triste soidade,  
Créanme pensamentos a milleiros.

Os nosos verdosos e antigos montes,  
Mencionar un deles A Capelada,  
Terra na que a noite a deixa conxeadada,  
Terra de fervenzas, ríos e fontes.

Valeroso Santo André de Teixido  
Camiñando polas súas grandes sendas,  
Pobo máxico de sono e lendas,  
No meu corazón non caerá no ouvido.

Meu querido Ortegal, meu corazón,  
Xa que sen el non son capaz de vivir  
e aínda lonxe de ti sei que eiche sentir,  
é falar de ti a miña maior paixón.

Orgullosa da miña grande terra  
Dende una árbore, rocha, monte a una Praia,  
morriña sinto a outro lugar que vaia  
miña alma o querido Ortegal se aferra.

Eloy LAGO FOJÓN  
3º E.S.O. A  
I.E.S. Cabo Ortegal (Cariño)  
1º PREMIO DA 2ª CATEGORÍA



# AS ROCHAS NON SON POLÍTICAMENTE CORRECTAS

Estimados Sres. Directivos das nobres empresas inmobiliarias, respetadísimos especuladores urbanísticos e demais falcatrueiros; aquí lles escribo para remitírlle-la miña queixa.

En primeiro lugar, as presentacións.

Non hai moito que dicir xa que non teño nome, non podo falar e só me podo comunicar con vostedes por medio da súa conciencia.

Algún diría que nin sequera existo como ser, ben, creo que por aí se me define como “rocha”.

É un nome ben gracioso e banal para designa-lo que é o 99% do noso planeta baixo a superficie.

En fin, quería denunciar a situación que por estes lares (resido en Galicia, nun cantíl do Ortegal a 10 metros do mar) se ben detectando una invasión do noso máis vil inimigo: o ladrillo común. Este cruel espécime xunto cos seus compañeiros, maquinaria pesada e intereses políticos veñen destruindo todo o noso ecosistema.

Non podemos parar esta desastre?

É que no fondo o tema éche ben gracioso ... Eu sempre me fixen esta pregunta: de que serve urbanizar e urbanizar se vamos a acabar por ter un mundo no que non se poida vivir? Adiviñades a causa. Quizais intereses persoais? Non. Política? Só é un derivado dos: Cartos! Esta é a cuestión.

O peor é que todos os galegos van ver trocado o meu cantíl por una urbanización deixando como único patrimonio unas futuribles ruínas que representarán, sabedes qué?

Podédesvos dar cun croio nos dentes.

Pablo MARTÍNEZ PÉREZ  
3º E.S.O. A  
I.E.S. PUNTA CANDIEIRA (Cedeira)  
2º PREMIO DA 2ª CATEGORÍA

**1ª CATEGORÍA (1º, 2º e 3º de E.S.O.):**



**1º PREMIO: Arancha MARTÍNEZ BREIJO. 3º E.S.O.  
I.E.S. CABO ORTEGAL.CARIÑO**



**2º PREMIO: Cristina GARCÍA IGLESIAS. 1º E.S.O.  
I.E.S. DE ORTIGUEIRA**



**2º CATEGORÍA (4º E.S.O. e 1º e 2º de Bac.)**



**1º PREMIO: Rocío BREIJO GÓMEZ. 4º E.S.O.  
I.E.S. PUNTA CANDIEIRA. CEDEIRA**



**2º PREMIO: Vanesa GÓMEZ JIMÉNEZ. 4º E.S.O.  
I.E.S. DE ORTIGUEIRA**

# OS NÓSOS ESCRITORES

## *O meu pobo*

Vivo cerca do mar  
O piar das gaiivotas  
Os barcos indo faenar  
Gústame este bulicio  
Que non pare xamais  
  
No paseo marítimo  
Agustiño vas estar  
Admirando o noso mar  
Que relaxado vas quedar

Lara FONTELA ALVELO1º E.S.O. B



## *Pobreza*

Mirando a pobreza  
Dáme una grande tristeza  
Nenos sen saber ler  
Nenos sen saber escribir  
O mundo dos pobres  
É una enorme tristeza  
  
Mirando a televisión  
Dáme moita desesperación  
As bombas que estalan  
Os nenos morren de pequenos  
Pero gustáballes ter una vida normal  
Máis a guerra é infinita  
E estanlles sempre a quitar a vida

Armando David SANTOS RIBEIRO  
1º E.S.O.B

## *Un día de pesca no cabo*

Era sábado e facía bo día, un día estupendo para ir de pesca. Miña curmá e máis eu collemos os bártulos e fomos pedirlle a lancha motora ao meu tío. Decidimos ir ata o Cabo Ortegal porque alí cóllense unas robalizas de aupa.

Ao principio non picaban pero logo collemos tres ou catro peixes seguidos e estabamos tan contentas que case non nos damos conta de que a lancha se estaba enchendo de auga. Saltamos a un dos aguillóns e chamamos polo móbil para que nos viñesen rescatar.

Miña curmá deuse de conta de que nas rochas había unha cova e decidimos investigar. Levantamos unha pedra e metémonos naquel furado, aínda que nos tremían as pernas, e cal non foi a nosa sorpresa cando nos atopamos un tesouro.

Cando nos viñeron buscar non podíamos nin falar da emoción, pensaron que era do medo que pasaramos pero era polo noso descubrimento.

E cando xa me vía contando nos cartos abrín os ollos e vin a miña nai que me dicía: Veña, levántate que vas chegar tarde ao instituto!

Lara FONTELA ALVELO  
1º E.S.O. B

## *O cofre das aforas*

O día catorce de febreiro “Día dos NAMORADOS” un mariñeiro do porto de Cariño foi pescar nas aforas. O mar estaba tranquilo e non tiña ningún perigo por estar pescando alí. Botou as redes pero cando quixo subilas non daba. Con moita forza subiu as redes e nelas encontrou un cofre.

O mariñeiro chamou á lonxa para avisar de que atopara o cofre pero non lles dixo o que contiña porque aínda non o abrira. Ao chegar, había moita xente esperándoo. Todos pensaban que era un cofre que contiña millóns de xoias e leváronse un chasco porque só contiña un papel que poñía: “Estás invitado para unha cea no Mesón As Queimas a noite do día dos NAMORADOS”. O mariñeiro cando viu a invitación pensou na súa esposa pero a xente non lle deu importancia e foise.

O mariñeiro ao chegar á casa díxolle a súa esposa: “Laura, ponte guapa que imos cear fóra”. E a esposa quedouse sen palabras porque o seu home nunca lle regalara nada polo Día dos NAMORADOS.

Macarena CASTRO SUEIRAS  
1º E. S. O. B

# LENDAS

## **A LENDA DE CARIÑO**

Cariño foi alzado no abeiro da Punta do Castro, onde existiu un asentamento castrexo. Conta unha lenda que neste habitaba o Señor do Castro a quen lle faleceu a máis fermosa das súas fillas, que foi enterrada nunha mámoa no cumio da Serra da Capelada.

Un bo día pasaron navegando fronte ao Ortegal unha expedición mariña. Era Ith, o fillo do rei celta Breogán, que ía acompañado doutros corenta e nove xefes celtas na procura das terras de Irlanda. O señor dos Castros e os seus fillos uníronse a Ith e, mentres marchaban pola boca da ría, miraron cara a serra para dicir: “Adeus Cariño!”.

Laura RAMOS CREGO  
1º E.S.O. B

## **A LENDA DA MICA**

No ano 1935 un barco que levaba un animal (a mica) tropezou nunha rocha grande e afundiuse preto da Praia. O animal foi o único supervivente.



Perdido días e noites sen saber onde ir chegou a unha vila na que vivía xente que descoñecía ao animal. Cando a xente viu ao animal pensaron que era un demo porque nunca o viran.

A xente cun tridente matou ao pobre animal que non conseguiu fuxir deles. Varios anos despois sóubose que aquel animal era unha clase de mona en perigo de extinción.

Esta lenda foi contada de país a fillos, por iso a Figueiroa chámase a Terra da Mica, e o segundo domingo de xullo é Santa Micaela (milagrosa).

Gonzalo MARIÑA GUERREIRO  
1º E.S.O. B

## **A LENDA DA CORUÑA**

Había unha vez nun lugar á beira do mar, un xigante chamado Xerión que tiña atemorizados a tódolos habitantes da vila. Sempre levaba como tributo ao gando do pobo e a dúas rapazas louras.

Esta historia chegou aos oídos de Hércules que se presentou para matar ao xigante. Surcou os mares do Mediterráneo, cruzando Portugal e chegou á Coruña aos vales de Xerión que estaban custodiados polo seu can de tres cabezas. Derrotou ao can en dous movementos. Logo foi loitar con Xerión que dixo:

– Imos loitar de forma xusta.

E os dous valentes foron loitar á beira do mar espidos e embadurnados de aceite e graxa. A loita durou dous días e dúas noites ata que Hércules cortoulle a cabeza ao xigante.

Todo o pobo quería a Hércules por matar ao xigante e pedíronlle que se quedara na vila. El aceptou por un tempo porque namorouse dunha muller chamada Cruña.

Fixo levantar un faro no que enterraron o cadáver de Xerión e, posteriormente, enterraron o seu corpo.

O faro foi levantado para que todo o mundo apreciara a beleza da Coruña e chamaron a ese monumento a Torre de Hércules.

Iago MONTERO VIZOSO  
1º E.S.O. B

# CONTOS VARIOS

## *Pobre de mín e máis doutro*

Era un matrimonio que fritiron tres chicharros para cear. Cando foron comelos dixo o home que el comía dous. A muller dixo que non, que sería ela quen os comería. Rifaron. El deulle un cachete tan forte que caeu atolondrada a muller. O home coidou que xa era cadáver e amortallouna.

Pola noite veu a xente ao velatorio. E cando estaban todos cabo da defunta, esta veu en acordo pouco a pouco.

Ao empezarlle o coñecemento seguía coa teima e berrou: “Eu hei de comer dous”. Asustada a xente do velatorio coidaron cousa doutro mundo, e saíron a escape. Máis o home que era coxo, non podendo correr ía saíndo e dicía: “Pobre de mín e máis doutro”.

## *O abade e a nena da vaca*

O señor abade atopou na corredoira á nena da veciña que levaba unha vaca pola corda.

- E logo –díxolle- Seica vas pastar a vaca?
- Non señor, lévoa ao boi!
- Qué a levas ao boi? E vas ti soa?
- Seica si!
- Daquela, e que non hai xente na casa?
- Hai os de sempre!
- Pois iso quen o debía facer é o teu pai
- Meu pai non, señor, que non vale, ten que ser o boi!

## *Os cinco pesos*

Unha vez pasaba un paisano por un camiño, encontrou certa cantidade de diñeiro. Era home de conciencia e non quería quedarse co que non era del e entonces resolveu confesalo ao crego. E así o fixo. Dicindo o sucedido ao crego este, que tampouco era anco de conciencia, díxolle:

Como ese diñeiro non é teu e non sabes de quen é tes que ofrecerllo ás ánimas e a mellor maneira de facelo é que lle entregues cinco pesos á primeira persoa que encontres no camiño así quedas restituído.

O bo home así fixo e foi cos cinco pesos na man para darllos á primeira persoa que encontrase. Quixo a sorte que fora unha rapaciña do lugar.

O home, ao vela, díxolle:

- Toma cinco pesos

I ela contestoulle

- Non lle son cinco, que lle son dez

El, amoscado, díxolle:

- Pois o crego só me dixó que eran cinco

Entón ela repúxolle:

- Ai, si pero o crego elle crente vello

## *Os tres padrenosos*

Un rapaz foise confesar e o cura púxolle de penitencia que rezase tres padrenosos.

Con que a nai preguntoulle despois:

- Cumpriches a penitencia?
- Non
- E por qué?
- Porque, cómo había cumprir? O señor cura mandoume rezar tres padrenosos e eu non sei máis que un

Compilados por Nicole DOMÍNGUEZ CASTRILLÓN

1º E.S.O. B

## *O prato do vello*

Era unha vez un velliño que vivía na súa casa co fillo e a nora. Pero como os anos non perdoan, tremeláballe moito a man e cando comía caíanlle os pratos e rompía moitos.

A nora enfurruñábase moito cando pasaba isto, e a conta de repunar non parou ata que o fillo lle fixera unha cunca de madeira para o seu pai.

Pouco tempo despois atoparon ao fillo pequeno que tiñan traballando coa navalla nun anaco de madeira e preguntáronlle:

- Elo que fas?
- Vou facer unha cunca para cada un, para que comades cando seades velliños

Quedaron abraiados e dende entón deixaron que o velliño comera outra vez en pratos, e non só iso, senón que comezaron a tratalo moito mellor.

Compilado por Lorena RUÍZ VALE

1º E.S.O. B

## **A HISTORIA DE CARIÑO**

**SITUACIÓN:** É o pobo máis ao norte de España (xunto con Vares, situado xusto enfrente) ao que se chega pola estrada Ferrol-Viveiro onde hai que coller un desvío de 10 quilómetros en Mera.

**HISTORIA:** Cariño nace ao redor das fábricas de salazón do pescado que levantaron os cataláns a finais do século XVIII e que terá os seus momentos álxidos nos séculos XIX e XX. Estando baixo a administración do Condado e Concello de Ortigueira, e despois de moitos anos de reivindicacións segregacionistas, iniciase en 1982 un proceso de



separación que durará seis anos, até que o 21 de xaneiro de 1988 se aproba a creación do Concello de Cariño.

**COSTUMES:** Pobo eminentemente mariñeiro con un excepcional entorno case virxe que o converte nun destino turístico moi apreciado polos seus visitantes.

**FESTAS:** O derradeiro sábado de xaneiro ten lugar a romaría de **San Xiao do Trebo**, o redor da antiga vila romana, na que participa todo o pobo e multitude de visitantes.

O 16 de xullo celébrase a festa do **Carme** cunha multitudinaria e fermosa procesión marítima que fai o percorrido pola contorna dos cantís do Ortegal, desde o porto ata os impresionantes Aguillón do Cabo.

Durante a terceira semana do mes de agosto ten lugar, no Auditorio municipal, a **Mostra de Teatro Galego**, onde se presentan as máis novedosas obras das mellores compañías e que conta xa cunha longa tradición.

Na fin de semana da segunda quincena do mes de agosto ten lugar o **Festival Ortegal Rock** no que participan das máis emerxentes e consolidadas bandas do panorama nacional e internacional.

Na semana do 24 de agosto celébrase a festividade na honra ao patrón da vila **San Bartolomeu**, cunha procesión do santo polas rúas do pobo e que remata coa xira campestre.

Tatiana VILA MARTÍNEZ  
1º E.S.O. A

## ORTEGAL TEN 1200 MILLÓNS DE ANOS

Prestixiosos xeólogos australianos e canadenses permaneceron durante o verán do 1999 en Cariño estudando minerais dadas as características singulares das rochas do Cabo Ortegal Os científicos pareceron chegar á conclusión de que se encontran alí as formacións rochosas máis antigas da península Ibérica ou nas que, alomenos, con máis nitidez poden estudarse os procesos xeolóxicos.

Estes e outros estudos afirmaron que a praia da Concha está situada sobre outro areal. A inferior posúe un gran de area especial con abundancia de granates, mineral que ben triturado pode empregarse de abrasivo, pero tamén cristalizado utilízase como pedra fina para decoración e xoiería. O primitivo areal quedou enterrado polas correntes e a construción de espigóns.

Tamén sentáronse as bases para o coñecemento actual dos complexos de rochas básicas e ultrabásicas do Cabo Ortegal. Afirman que son unha das unidades xeolóxicas máis características de

Galicia, únicas no mundo. As rochas que forman a avanzadilla do Cabo Ortegal non son como puidera creerse, restos desgastados e erosionados dunha unidade terrestre que se introduxo baixo o mar, senón submarinas que emerxeron e proceden dunha dorsal oceánica. O primeiro que chama a atención é a curiosa contradición na disposición estratigráfica dos seus elementos, dada a presenza anormal de materiais máis antigos sobre outros máis recentes.

Recentemente investigadores do Museo de Historia Natural de Londres e da Universidade Complutense de Madrid puxeron de manifesto unha nova datación do complexo xeolóxico situándoo nuns 1.200 millóns de anos, o que duplicaría a idade das rochas máis antigas ata agora coñecidas da península ibérica. Cómpre lembrar que en todo o planeta soamente atoparemos tres puntos con rochas de maior antigüidade ca as que forman esta zona.

Bibiana TEIJEIRO LÓPEZ  
1º ESO B

# Unha estadia encariñada

De bretón a galegos ...



Dende o 27 de novembro até o 5 de decembro, puiden descubrir a vida no IES Cabo Ortegal, mentres o meu colega Marco Vélez se achaba nos centros onde adoito traballar. Aquel programa foi bastante repentino para nós, os franceses, xa que nos dixeron o noso destino apenas cun mes de antelación; así foi como me tocou viaxar até esa parte de Galiza que descoñecía por completo.

Dicir que a miña chegada foi unha sorpresa non é para tanto. Ao fin e ao cabo, todos os centros docentes son máis ou menos semellantes. Como viña dunha zona algo parecida desde un punto de vista socioeconómico, non pensei ter que adaptarme moito. Era pouco dicir...

Primeiro, quedei bastante desconcertado polos poucos alumnos afeccionados ao francés como lingua de estudo. Afeito a grupos máis numerosos (entre 15 e 25, e son dos que menos alumnos teñen, xa que traballo nunha zona rural), sorprendeume que non fosen máis, sobre todo nos cursos de bacharelato, que é cando un se tería que preocupar máis polo futuro e pola carreira. E ter máis ases

na manga, como se adoita dicir.

Por suposto, e tal como mo dixeran os colegas, os alumnos aos que me tocaba ensinar xa representaban “a flor e nata” do público que soe acudir ao centro, e por iso non tiña por que me enfrontar con problemas de indisciplina. E de certo, polo xeral pasámolo moi ben, eles (creo) e eu (sinceramente).

Por outra banda, algo que me desconcertou era que non parecían afeitos a tomar nota durante a clase, de xeito que todo canto deixei apuntado no encerado non debeu de servir de moito, porque tal como me dixeron, o mero feito de que se tratase dunha materia optativa xustificaba que non se lle debese dar máis importancia da que tiña. Sen ser partidario dun “a letra con sangue entra”, non podo deixar de comparar coa miña propia experiencia, que é que nunca podería alcanzar a chapurrar en cristián sen previo esforzo pola miña banda, dado que non son nativo da Península e nunca mamei da letra cervantina. Por iso, sen querelo, non puideron evitar a comparación coa cantidade de traballo que lles adoito esixir aos meus estudantes, e decateime da diferenza entre as esixencias que implicaban as cousas que eu preparara e o que adoitaban traballar os alumnos de Cariño.

Non lle botarei a culpa ao meu colega Marco, que compre con moita profesionalidade coa tarefa que lle asinaron, pero durante aquela estadía puideron decatarme nalgunha medida da desilusión que fustigaba aos profesores, moitos dos cales eran principiantes no oficio. De feito, a súa boa vontade enfróntase co pasotismo - cando non coa mala fe - dos alumnos que ignoran até as regras máis elementais da convivencia entre persoas: saudar, desculparse e pedir permiso. Iso fai que admire que algúns docentes sigan aferrados ao seu desexo de transmitir un saber cando todo se ven abaixo e non queda moito que facer. Tampouco culparei aos da dirección a súa falta de dispoñibilidade, polo moi atarefados que estiveron durante a miña estadía, pero é que por máis pequeno e illado que pareza o centro, non deixa de ser un microcosmos, e nin quero imaxinar o que será xestionar aquel labirinto de paixóns.

Quédame só por agradecer a acollida que recibín por parte de todos. Fica moito que dicir, e tería que redactar un libro para detallar os puntos que quedan sen tratar. Espero que aquel intercambio lles prestase aos alumnos, até se algúns levaron un recordo pésimo do franchute moi mandón. Para eles tamén foi unha oportunidade de descubrir outra forma de ser e de pensar. O que non quero admitir é que aquel programa deixase paso á palabra fracaso, que de calquera experiencia se saca algo positivo. Eu saqueino. E tan encantado.

Yves-Marie BOURDIN



# OS NOSOS ARTISTAS

Una vez máis o noso alumnado de Educación Plástica e Tecnoloxía fixeron ao longo do curso 2006-2007 traballos moi interesantes. A axuda inestimable das súas profesoras, Consuelo Benito, Elisa Álvarez e Beatriz Otero, consegue que, ano tras ano, a inspiración dos alumnos e alumnas quede plasmada en obras como as que aquí mostramos. Son moitas máis ... pero é imposible mostralas todas. Se vos dades unha volta polo instituto podedes ver a colección completa. Tamén, como ven sendo habitual nos últimos cursos, parte da colección foi presentada ao pobo na Casa da Cultura do Concello nos primeiros días do mes de xullo.




Esta é a colección de puzzles e monecos feitos polos alumnos e alumnas de Tecnoloxía e de Educación Plástica baixo a supervisión de Beatriz e Consuelo.





# DECORAMOS O INSTITUTO









# AXENDA CURSO 2006/07

## ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

<b>DATA</b>	<b>ACTIVIDADE</b>	<b>NIVEL EDUCATIVO</b>
SETEMBRO	Comezo do curso	
NOVEMBRO	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ "Galicia, conservando a natureza". Exposición didáctica na Casa da Cultura.</li> <li>▪ Xornadas de limpeza do IES</li> </ul>	→3º+ 4º ESO (medioambientais) →1º + 2º ESO
DECEMBRO	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Concurso de postais de Nadal.</li> <li>▪ Festival de Nadal. Recadar fondos para a viaxe de fin de etapa.</li> </ul>	→Todos os niveis →Todos os niveis
XANEIRO	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Olimpiada Galega de Bioloxía (Facultade de Ciencias, Coruña)</li> <li>▪ Obra de Teatro en Inglés:"Dr. Jeckyll and Mr Hyde".</li> <li>▪ Semana da Paz. Exposición fotográfica (campamentos de refuxiados). Recadación de donativos e alimentos non perecedeiros, para enviar aos campamentos.</li> </ul>	→Alumnado de 2º BACH. →4º ESO + BACH →Todos os niveis (recadación:161,32€)
FEBREIRO	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Taller de sensibilización medioambiental " A Antártida última fronteira" ( a cargo do periodista Emilio Varela)</li> <li>▪ Festa do Entroido. Concurso de caroutas, comparsas, coplas e disfraces.</li> <li>▪ Visita da asociación AESLEME para a prevención de lesións medulares(accidentes, deportes de risco, consumo de tóxicos..)</li> <li>▪ Olimpiada Galega de Física (facultade de Ciencias, A Coruña)</li> </ul>	→ESO + BACH →Todos os niveis →ESO + 1º BACH. →Alumnado de 2º BACH.
MARZO	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Xornadas de Orientación. Salón do Ensino(Santiago) e Campus Universitario de Ferrol e IES con oferta de Ciclos Formativos.</li> </ul>	→ESO + BACH.
ABRIL	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Viaxe de fin de etapa</li> <li>▪ Visita ao Parque Eólico Experimental de Sotavento.</li> <li>▪ Plantamos: un carballo, castiñeiros e bídalos. Cedidos pola Consellería de Montes.</li> <li>▪ Partido de Fútbol Deportivo-Sevilla</li> <li>▪ "Vivir o Mundo, vivir Europa".Organizada pola Deputación.</li> <li>▪ Semana do Libro. Recomendamos as nosas lecturas favoritas (mercaremos as recomendacións para a Biblioteca).</li> <li>▪ Xornadas de Orientación profesional e vocacional .FORUM ORIENTA(Santiago de Compostela).</li> <li>▪ Obra de Teatro en Francés: "Le tour de France en farces"</li> </ul>	→4º de ESO →3º + 4º ESO (os que non foron á excursión) →3º ESO + Alumnos de NEE →Todos os niveis →6 alumnos/as do IES (1º, 2º e 3º ESO) →Todos os niveis →4º ESO + 1º BACH →ESO + BACH (de Francés)

	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Comenzo do Ciclo de Cine en versión orixinal. Organizado polos departamentos de: Lingua Inglesa e Lingua Francesa.</li> <li>▪ Campaña de Limpeza do IES</li> </ul>	<p>→ Todos os niveis</p> <p>→ 3º + 4º ESO</p>
MAIO	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Festival das Letras Galegas (adicado a María Mariño Carou). Lemos poesía, curioseamos na vida de María Mariño, cantamos e.....aplaudimos aos profesores, que non ensinaron o seu ben facer coa música e nos fixeron pasar un anaco divertido.</li> <li>▪ Certame Artístico e literario entre os tres institutos (Cedeira , Ortigueira e Cariño). Foi un certame reñido, pero saímos moi ben parados iii somos unhos Artistas !!!(un pouco preguiceiros, pero hai canteira).</li> <li>▪ Información sobre os ciclos Formativos que se imparten nos tres centros da Comarca.</li> <li>▪ "Coñece Manzaneda Verde". Actividade de convivencia- ocio y deporte.</li> </ul>	<p>→ Todos os niveis</p> <p>→ Todos os niveis</p> <p>→ 4º ESO</p> <p>→ 1º + 2º ESO</p>
XUÑO	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Ruta de Senderismo. Subida ao Mirador do Limo</li> <li>▪ Xornada de Educación vial a cargo do Xefe de servizo de seguridade vial de Tráfico</li> <li>▪ Exposición de pintura na Casa da Cultura. Traballos feitos polos alumnos.</li> <li>▪ Rematamos o curso con actividades deportivas. Circuito de deportes e entrega de diplomas</li> </ul>	<p>→ Todos os niveis</p> <p>→ ESO</p> <p>→ Todos os niveis</p> <p>→ Todos os niveis</p>

## ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

MARTES	MÉRCORES	XOVES
<b>Biblioteca</b> (16:30-17:30)	<b>Aula de Informática</b> (16:30-17:30)	<b>Revista Escolar</b> (16:00-17:30)
<b>Coreografías</b> (17:30-18:30)	<b>Biblioteca</b> (16:00-17:00)	<b>Coreografías</b> 18:30-19:30
		<b>Música</b> 18:45-19:45

*Isabel GONZÁLEZ CAMOIRA*


# I CICLO DE CINE EN VERSIÓN ORIXINAL IES CABO ORTEGAL

**Abril-maio 2007**



Por primeira vez no IES Cabo Ortegal celebrouse un Ciclo de Cine en versión orixinal organizado polos Departamentos didácticos de Inglés e Francés. Os xéneros cinematográficos elixidos foron decididos despois de pasar unha enquisa entre ao noso alumnado para



averiguar cales eran os seus gustos e as súas propostas. Estes foron o de aventuras, a comedia e o *thriller*/terror. Os filmes ían alternarse comezando con *Cyrano* e *Braveheart*, seguindo con *L'auberge espagnole* e *Full Monty*, e rematando con *Le pacte des loups* e *The Shining*. Consideramos conveniente este tipo de actividades para acostumar ao alumnado a visionar as películas na súa lingua orixinal, que sempre é a mellor versión.



**Películas en lingua francesa**



**Películas en lingua inglesa**



# FESTIVAL DE NADAL

## 2006

O día 16 de decembro houbo un festival para recadar diñeiro para a excursión de 4º de E.S.O. e os presentadores foron Miguel de Magalhaes, Junet Fernández e Carmen Pita.

Foi moita xente. As nosas fotógrafas Laura e Lara de 1º de E.S.O. B, tamén reporteiras, foron as encargadas de sacar todas as fotografías se que se lles escapara unha.



Os presentadores Junet e Miguel



David V., Noel, Macarena e Lorena



Andrea, Nicolás, Adriana, Noel e Elena

No festival houbo unha obra titulada “*Os vellos non deben de namorarse*” protagonizada por alumnos e alumnas do noso grupo de teatro: David Cortés, Nerea Fontela, Nicolás López, Tamara Miranda, Adriana Gómez, Elena Armada, Macarena Castro e David Villasuso.

Foron uns excelentes actores e a xente riuse moito con eles.




Tamara e David C.



David C. moi encaixado





**Bibiana, Junet, Alicia, Macarena, David v. e Kelly**

No baile de batuka actuaron Bibiana Teijeiro, Junet Fernández, Alicia Senra, David Villasuso, Kelly Villafane, Macarena Castro e Tamara Miranda.

Tamén houbo Cha-Cha-Cha coa parella formada por Alicia Senra e Junet Fernández.



**Junet e Alicia**



**Lucía, Mari e Nuria**





**Manuel, Alicia, Laura, Cristina e Leticia**

Tivemos, asemade, música tradicional galega, un quinteto de gaitas formado por Manuel Novo, Alicia Senra, Laura Quiza, Cristina Landrove e Leticia Bellón.

O grupo de rock local Caída Libre, David Luaces, Luis Ramos e Diego Álvarez, deleitounos cunhas das súas interpretacións.

E para rematar, un dúo formado por Beatriz Núñez e Xiana Abella.



**David L. e Luis no escenario**

Así foi o festival feito polos rapaces e rapazas de 4º E.S.O. para a excursión de fin de curso.



**Xiana e Bea**

Laura RAMOS CREGO  
Lara FONTELA ALVELO  
1º E.S.O.



Luis PENA FRAGA



3º E.S.O.A

POSTAIS

GANADORAS

NONADAL



Sara ABELLA SÁNCHEZ

1º E.S.O. A



# ENTROIDO 2007

Neste Entroido pasámo-lo moi ben. Había disfraces moi graciosos e as carautas tamén estaban moi ben.

O concurso de disfraces estivo moi concorrido tanto de público como de concursantes. Foi presentado por Noel Yáñez, que estivo moi ben no seu “disfraz de presentador”, e que contou coa colaboración de Mari Carmen Luaces.



O presentador Noel coa colaboradora Mari

Os profesores do xurado Elisa Álvarez, Cristina López, Ana Muiños e Marco Vélez, tivérono moi difícil para elixir os disfraces e a carauta gañadores porque estaban todos moi ben caracterizados e había moitas carautas moi ben feitas e ben curiosas, pero non poden levar todos o premio.



Elisa, Cristina, Ana e Marco, compoñentes do xurado, preparados para as deliberacións




Algunhos dos disfraces que se viron foron:

- viúva, ananiño, vellas, sevillanas, militares, bruxa, muller da limpeza, “once oito once”, colexialas, pixama.


Os premios de disfraces foron para:

1º. Cristian Maseda Ríos de 2º de Bacharelato, disfrazado de colexiala.

2º. Iván Fuentes Fraguela de 1º E.S.O. A., disfrazado de ananiño cabezón.



Cristian co seu disfraz de colexiala



A vaca pinta de ollos rosados

O premio para a mellor carauta foi para Luis Pena Fraga, de 3º E.S.O.A, que fixo unha carauta moi divertida con forma de vaca.



O presentador Noel entregando o 2º premio a Iván

Despois do concurso Mari Luaces entrevistou aos gañadores dos de disfraces:

**1. Qué sentides ao ser os gañadores?**

Cristian Maseda: Nada

Iván: Non sei

**2. Qué tedes pensado facer co premio?**

Cristian Maseda: Gastalo nunha viaxe

Iván: Non sei

**3. Qué vos parecen as festas do Entroido?**

Cristian Maseda: Gústanme moito

Iván: Moi boas

**4. Gústavos o ambiente que hai polas noites?**

Cristian Maseda: Si, moito

Iván: Non sei

**5. Cres que se disfrazan para seguir a tradición ou para pasalo ben cos amigos?**

Cristian Maseda: As dúas

Iván: As dúas

**6. Pensades que hai máis ambiente que outros anos no Entroido?**

Cristian Maseda: Non sei

Iván: Non sei

**7. De qué vos ides disfrazar estes días?**

Cristian Maseda: De vikingo, de travestí e de guerreiro escocés

Iván: De moza



Mari entrevistando a Cristian



Mari entrevistando a Iván

Mari Carmen LUACES MARTÍNEZ  
3º E.S.O. B



# LETRAS GALEGAS 07



Armando despois de ler un poema de María Mariño e Arkaitz lendo un poema de Rosalía de Castro



Isabel González, organizadora do festival, con Noel Yáñez, Aitor Piñeiro, Arkaitz Rodríguez e Armando Santos, participantes no mesmo



Mari e Lucía nun momento da súa actuación



Viviana Trento, Tatiana Vila, Lorena Ruíz, Amanda Rodríguez, Nuria Martínez, María Martínez, Lucía Fraguela, Mari Luaces e Kelly Villafane durante a súa actuación



Mari y Lucía, presentadoras del acto, con Isabel



Cristina López, Marco Vélez e Ánxeles Souto durante a interpretación do Himno Galego co que se finalizou o evento



Parte do público asistente ás actuacións dos seus compañeiros



# FIN DE CURSO 07

## DIPLOMAS XUÑO

### TEATRO

**1º E.S.O. B:** Macarena CASTRO SUEIRAS  
Lorena RUÍZ VALE  
Noel YÁÑEZ RUBIDO

**4º E.S.O. A:** Tamara MIRANDA LUCAS  
Manuel NOVO LÓPEZ  
David VILLASUSO MARTÍNEZ

**4º E.S.O. B:** Elena ARMADA TOJEIRO  
David CORTÉS TOJEIRO  
Nerea FONTELA FERRO  
Adiriana GÓMEZ FERRO  
Nicolás LÓPEZ REY

### REVISTA

**1º E.S.O. A:** Yasmina PARDO GONZÁLEZ  
**1º E.S.O. B:** Macarena CASTRO SUEIRAS  
Nicole DOMÍNGUEZ CASTRILLÓN  
Lara FONTELA ALVELO  
Laura RAMOS CREGO  
Viviana TRENTO PÉREZ  
Noel YÁÑEZ RUBIDO

**3º E.S.O. A:** Mª Carmen LUACES MARTÍNEZ  
**3º E.S.O. B:** Ángela VALADÉS ARMADA

## CAMPAÑA DE ANIMACIÓN Á LECTURA

**1º E.S.O. A:** María MARTÍNEZ BREIJO  
**1º E.S.O. B:** Lara FONTELA ALVELO  
Gonzalo MARIÑA GUERREIRO

## MELLOR EXPEDIENTE ACADÉMICO

**E.S.O.:** Elena ARMADA TOJEIRO  
**BAC.:** 1º: Lorena PEDRE CARRODEGUAS  
2º: Nicolás IGLESIAS PENA



Grupo de diplomados do curso 2006-07

### COREOGRAFÍA

**1º E.S.O. A:** Kelly VILLAFANE VELÁSQUEZ

### INFORMÁTICA

**3º E.S.O. A:** Carlos GARROTE PARDO

### MÚSICA

**1º E.S.O. A:** María MARTÍNEZ BREIJO



Alumnos xogando ao voley na mañá do último día do curso.

Esta actividade, xunto coa de padel e baloncesto, foi organizada polo I.E.S. en colaboración co Concello

# VIVIR O MUNDO: PARÍS 2007

Sáímos de Cariño ás 4 da mañá para ir recoller aos outros viaxeiros dos outros concellos. Despois fomos para o aeroporto onde tivemos que esperar unha hora e media para despegar. Moitos dos nenos que nunca montaran en avión estaban nerviosos.

Chegamos a París ás once e media. Recollemos as maletas e fomos para o autobús e cando íamos polo camiño vimos á policía que detiña a un chino porque levaba pistolas QUÉ MEDO!

Fomos comer (os que comeron) e despois fomos a un museo e tamén leváronnos a dar un paseo en barco polo río Sena. Ceamos no Planet Holliwood e pódese dicir que foi onde mellor comemos.

O venres fomos a ver a Torre Eiffel, que ten 320 impresionantes metros de altura, e tamén o Museo do Louvre onde está a Mona Lisa de Leonardo da Vinci, á que non nos deixaron sacarlle fotos, e a súa famosa pirámide de cristal. Tamén fixemos un percorrido a pé por París e pasamos pola praza da Concordia, o museo das Belas Artes, o Arco do Triunfo, os Campos Elíseos, Notre Dame, ...



Agora cunha celebridade



Lara con Versailles detrais

O sábado a Disneyland Resort París que é un dos parques máis importantes de Europa e está dividido en dous parques Walt

Disney e Walt Disney Studios. Pola mañá fomos a Walt Disney Studios e estivemos vendo un espectáculo de coches que molaba. Fomos a comer ao castelo de Aladino.



Cando acabamos de comer, xa fartos de esperar para montar nas atraccións, fomos a ver a cabalgata que durou unha hora ou algo máis. Despois fomos para as atraccións e na primeira que montamos foi unha montaña rusa, pero xigante, que daba moito medo cando despegaba o cohete. Como todos os nenos non queríamos ir ao mesmo deixáronnos dúas horas para montar nas atraccións. Manuel, Patricia, Marcos (de Sansa) e eu fomos a outra montaña rusa e montamos nela 4 ou 5 veces.

Xa había que despedirse de Disney para ir cear preto da Basílica do Sagrado Corazón. Tivemos que subir 100 ou 200 escaleiras. Algunhas eran estreitas e as outras non. Chegamos ao hotel e xa tivemos que facer as maletas para volver cara as nosas casas.

O domingo tivémonos que levantar ás 6 e media, almorzar e ir para o aeroporto. Ás 12 chegamos ao aeroporto de A Coruña. Case todos tiñamos ganas de chegar á casa e descansar aínda que da outra banda non queriamos, porque non queriamos deixar aos amigos que conviviron os catro días connosco.



**O grupo coa torre máis emblemática do mundo**

Lara FONTELA ALVELO  
1º E.S.O. A



# BENVIDOS A SALOU!

**1º día:** Chegamos ao hotel e desfixemos as maletas, e todas esas cousas que se soen facer cando vas de viaxe e chegas ao hotel ...

Logo, despois de comer, deixáronnos toda a tarde libre para comprar cousiñas, regaliños para a familia, amigos, ... Tamén, se queriamos, podíamos ir á piscina, pero tivemos a mala sorte de que non fixera sol ... aínda que si calor!

**2º e 3º día:** Fomos a Port-Aventura. O primeiro día chegamos todos empapados coma pitos ao hotel porque fomos en todas as atraccións de auga. O segundo día tamén nos mollamos, máis que nada porque chovía e logo tamén porque volvemos a ir nas atraccións acuáticas, aínda que non todos porque había xente afónica do día anterior.

O segundo día de Port-Aventura non saímos de noite porque estábamos moi cansadiños e durmimos coma anxos. Aínda que antes de durmir inventamos un xogo para a excursión no que gañaba o que dera máis bicos sen que se decatasen os demais.



De "juerguita" pola noite

**4º día:** Levantámonos e despois de almorzar fomos ao cine IMAX onde penso que máis dun quedouse durmido durante a película do tiburón 3D. Logo fomos ao Camp Nou onde coincidimos cos xogadores do Barça que pasaban por alí. Máis tarde “xantamos” de pícnic, e digo “xantamos” porque a comida non estaba moi boa ... Despois de “xantar” fomos a Villafranca del Penedés a ver ao equipo que entrea Paula, xa que coincidiu que xogaban alí e collíanos cerquiña.

**5º día:** Saímos do hotel e collemos unha guía turística chamada “Ivonne” que nos falou de Barcelona e levounos primeiro a Monjuïc, logo ao Parque Güell e mais tarde á Sagrada Familia. Despois fomos ás Ramblas onde nos deixaron sós, e tamén a un Centro Comercial que estaba aberto un domingo. Nas Ramblas había moitos mimos, retratistas ... que o facían moi ben!



Co equipo de hóckey que entrea Paula

**Salou-Cariño:** Ohhh ... chegou a hora de despedirnos, fómonos moi cedo e estivemos todo o día no bus onde queríamos durmir, pero os graciosíños de Paula e Antonio fixeron unha “radiobús” e non nos deixaron ... E tamén nos pintaban a cara se durmiamos.



O grupo ás portas do hotel donde se hospedaron

Ahhh ... por certo, aproveitamos esta revista para darlles as grazas por todo e para dicirlles que o pasamos moi ben con eles.

GRAZAS, Paula e Antonio!!

Jéssica RUBIDO SOTO  
4º E.S.O. A



# V I A X E



O luns fomos todos, acompañados polos nosos país, para o instituto e tivemos que esperar ao autobús que veu cun pouco de retraso. Estabamos moi contentos porque iamos de viaxe e tamén porque así non tiñamos que ir a clase.

Na viaxe pasámolo

moi ben. Polo camiño paramos a comer nun campo uns bocadillos que levabamos da casa. Despois continuamos rumbo a Manzaneda.

# M A N Z A N E D A

Cando chegamos o primeiro que fixemos foi ir cada un ás súas habitacións segundo o reparto que xa fixera Paula. As habitacións non eran gran cousa, pero non importaba moito. Deixamos as maletas e fomos á piscina. Despois, pola noite, tivemos unha actividade de supervivencia con outro colexio que tamén estaba a pasar alí uns días e divertímonos moito.

O segundo día participamos nas actividades de karts, senderismo, escalada e xogos medioambientais, e pola noite, fomos á discoteca. Foi xenial.

O último día pola mañá as actividades que tivemos foron a de tiro con arco e montar a cabalo. Despois de comer deixáronos un rato para ir de compras antes de subir ao autobús para regresar a Cariño.



A viaxe de volta non foi tan animada como a de ida porque estábamos un pouco tristes porque todo acabara e, ademais, porque estabamos moi, pero moi cansados. Cando chegamos a Cariño estaban os nosos país esperándonos moi impacientes.

Ah!!! Moitas grazas a Paula e a Xosé Lois por coidar tan ben de nós.

Noel YÁÑEZ RUBIDO  
Lara FONTELA ALVELO  
1º E.S.O. B





Con moito ánimo na subida



Repoñendo forzas



O momento da diversión



Despois de tanto subir, xogar, baixar, ... houbo que parar para descansar

# SENDERISMO

# AS MALAS LINGUAS

Ai! A que non sabedes unha cousa ...  
Aaaa! Hai unha nova parella no instituto, ben, aínda non saíu a superficie por que esta en tramites porque ... je, je, je ... A ela deixouna o mozo porque non lle ía ben. Entón ela, do desesperada que estaba, non sabía a quen pedirlle para saír. Cando llo foi pedir ao rapaz que lle gusta colleuno por sorpresa no instituto e díxollo. El contestoulle que non. Pero ela non o deixaba de acosar e non sabía que facer ata que el se deu por vencido e díxolle que si. Pero el trata de evitala porque foi peor o remedio ca solución. Ela cando lle vai dar unha aperta a el en público. El inténtaa afastar empurrándoa. A verdade cando os vexo polo instituto escacho coa risa e non podo parar de rir. Son unha parella de pena!



Sabiades que non se pode confiar en ninguén. Ben iso xa o sabiades de vai boa, non!. Vouvos contar unha historia dunha rapaza o que lle pasou coas súas mellores amigas... (a verdade é que se mo fan a min, xúrovos que lles dou unha boa malleira). Veredes, a rapaza quedara no mesmo sitio de sempre coas amigas pero cando chegou o sitio onde quedarán, ela veu que non había ninguén.

Ela recorreu todo Cariño e cando se encontrou con elas, a ela non lle faláron, nin a miráron. Cando ela lles dixo a todas Ola! As demais, insultárona e mofáronse dela coma se fose unha boneca de trapo mal feita e moi gastada. A rapaza saíu correndo e chorando porque non entendía o que estaba a suceder e foi a casa dunha amiga a falar con ela. A amiga escoitouna e consolouna e deulle algúns consellos e a rapaza chorou e chorou ... Ao día seguinte cando foi dar unha volta, encontrou ás súas amigas. Entón deuse conta que cando todas a empezaron a insultar, a súa amiga a que lle contara todas as súas penas, estábbase a mofar e insultala mais ca ningunha outra e a min pareceume moi mal porque iso a unha amiga non se lle fai. E a que non sabiades porque se enfadaran? ... je, je, je! Porque un rapaz pediulle que saíra con ela e a amiga non lle gustaba que saíra con el, porque lle gustaba a ela, pero el non lle correspondía ... Pois que se busque ela a outro que a amiga xa encontrou quen lle vai.



Hai certos cativos que se dedican a ameazar a rapazas polo Messenger e elas fan o que eles lles din para que non lles fagan nada pero o que eles non saben e que elas teñen un as na manga e eles vanse arrepentir do que están facendo.



A min non me parece normal o que fan algúns alumnos porque coa idade que teñen xa non van á clase, home peréceme ben que non lles gusten as clases pero xa non ir coa idade que teñen xa non me parece moi normal porque máis adiante vanse dar de conta de que non van poder facer nada e despois veñen os arrepentimentos. Eu non son a máis indicada para falar pero é o que penso e ninguén vai cambiar a miña maneira de pensar.




Ja, ja, ja! ... Mmmm!!! A que non sabiades que hai rapaces que lle rouban as cervexas aos pais para bebelas ás agachadas. Sabedes para qué, en parte para bebelas para ver se lles gustan, ja, ja, ja ... Sabe mellor comprándoa ti. Éche moito! Non lles chega con saír pola noite, críos que xa se cren moi maiores pero á hora da verdade non saben que facer.



Neste pobo ai, ai, ai,... moita xente é moi infiel, tanto que abandoa á súa parella por outra guarra para probar cousas novas... je, je, je! Home cousas novas sempre mola probalas,

pero se deixas a parella para irte cunha descoñecida, mais ben fulana, home moi normal non é, non vos parece! Eu creo que a xente de hoxe en día está moi mal e ata algunhas persoas pensan que iso esta ben, pero en realidade significa que a parella non vai moi ben e que non ten boa relación e se non é así e que lles gustan as sensacións fortes.



Hai xente que como se cre tan maior atreveuse a facelo con quen sexa, pero a hora de facelo dóelle e sae correndo coma unha meniña que lle quitaron a súa piruleta e vai a carón da súa nai a ver se lle da outra e estalle ben escarmentado.



Hai cativos e cativas que dedícanse a romper cristais, portas e todo o que encontren nas casas. Para eles é divertido pero cando a xente soubo a verdade ven que choraron e botáronlle a culpa a outra persoa que era moi inocente. So con dicirvos que dicían que era unha nena de 3 ou 4 anos, é moi penoso ...

Ángela VALADÉS ARMADA  
3º E.S.O. B



# SOPAS DE LETRAS

## FROITAS

LOCALIZA O NOME DE 12



Laura RAMOS CREGO  
1º E.S.O.B

A	Z	A	M	R	T	W	X	X	L	A	B	B	C	W
A	R	B	V	B	V	C	F	X	A	T	P	P	O	D
B	L	E	B	L	L	F	M	P	R	V	H	Z	F	T
N	X	L	P	F	I	N	G	S	A	Q	S	I	X	R
S	S	A	E	L	M	A	U	E	N	D	B	G	F	Q
O	C	P	L	U	O	O	N	V	X	F	A	Q	H	T
E	E	M	O	O	N	D	L	X	A	M	O	R	A	N
F	H	M	G	L	M	N	D	P	G	S	F	P	S	V
F	C	M	E	W	S	E	M	I	G	E	R	L	Z	T
G	R	R	X	A	A	M	C	S	B	F	D	S	Q	V
N	S	O	E	F	S	L	X	L	P	E	H	H	I	V
L	O	L	P	U	L	A	T	T	F	I	G	O	N	T

## ANIMAIS MITOLÓXICOS

E	S	F	I	N	G	E	H	C	X	Y	T	O
S	F	R	U	G	C	E	R	B	E	R	O	Y
Q	H	A	R	P	I	A	S	B	C	J	R	X
U	O	A	C	P	V	A	T	O	W	K	O	E
I	E	E	T	Y	A	Z	E	S	C	X	D	A
M	C	Q	A	S	D	B	Q	A	K	L	E	J
E	A	E	U	D	S	N	B	G	Y	N	C	M
R	C	D	F	D	P	H	U	E	Z	L	R	H
M	U	R	Z	B	X	O	V	F	X	Ñ	T	I
H	I	D	R	A	D	E	L	E	R	N	A	G

Xiana ABELLA SÁNCHEZ  
Marta BELLÓN VARELA  
Andrea PITA PONCE  
Jonathan QUINTANA ORIZALES  
Manuel SENRA EIROA  
4º E.S.O. A-B



1. Can de tres cabezas que custodiaba a porta do inferno.
2. Ave con cabeza feminina que raptaba a nenos que acababan de nacer.
3. Monstro alado que tiña por cabelos serpes.
4. Serpe de nove cabezas que vivía no pantano de Lerna.
5. Toro enlouquecido de Creta.
6. Cabalo alado nacido do sangue de Medusa.
7. Metade muller, metade león, devoraba a quenes non respondían aos seus acertixos.
8. Cabeza de león, ventre de cabra e cola de serpe, e botaba lume pola boca.

## SERES MITOLÓXICOS GALEGOS



Jéssica

1. Persoas ou aves de aspecto desagradable. Probablemente son morcegos.
2. Monstro de cor amarela con ollos de sapo, cabeza, pescozo, patas e peito de galo, e corpo de serpe.
3. Gardián do bosque, con pezoñas e cornos de chivo.
4. Se un ten a mala sorte de dar con ela, en ningún caso debe mirar fixamente para os ollos acesos do animal (dúas palabras).
5. Especie de sátiro ou home salvaxe que violaba mulleres.
6. Divinidade temida pero xusta, que fai a todos iguais.
7. Ten barba, gasta un traxe vello e leva un pucho vermello.
8. Animal con figura de cabalo ou similar e un só corno na fronte.

A	J	R	P	N	X	B	S	T	B	A	S	I	L	I	S	C	O
J	E	S	O	D	R	A	T	S	I	C	K	F	D	A	A	B	N
I	I	O	E	L	C	M	A	I	R	G	M	U	E	E	N	L	P
R	C	A	D	E	L	A	P	E	R	E	G	R	I	N	A	O	S
I	T	U	T	A	V	V	A	K	A	O	A	N	A	I	V	I	V
P	A	Z	U	H	O	I	U	N	I	C	O	R	N	I	O	C	Y
R	M	J	A	Z	Q	C	X	Y	G	A	T	U	V	E	G	X	Z
A	B	O	E	I	J	H	L	M	P	Q	O	C	E	M	U	A	U
H	D	P	R	Z	O	U	H	Y	P	U	T	F	G	U	Z	T	V
R	Q	C	K	T	N	C	I	G	N	D	H	T	X	U	V	I	A
S	I	I	L	M	E	H	Ñ	H	B	U	S	G	O	S	O	Q	A
C	M	B	F	G	H	O	K	S	B	R	C	Z	D	P	W	W	J
L	M	U	K	L	V	S	F	O	P	C	H	O	T	S	A	J	Y

Miguel de MAGALHAES RAMOS  
 Daniel PEGO CASTRO  
 Carmen PITA DOCAL  
 Fabio RÍOS FERNÁNDEZ  
 Jéssica RUBIDO SOTO  
 4º E.S.O. A-B

A	R	M	I	Ñ	O	H	E	Ñ	Q	G	T	I	C
N	A	A	R	E	P	Q	I	G	E	X	O	X	G
E	P	R	I	G	Q	T	O	X	Ñ	R	P	M	F
S	O	T	X	A	E	G	I	Q	U	U	O	Z	Y
U	S	A	I	E	N	A	C	Z	Y	X	U	Q	G
D	O	I	L	E	Z	T	C	M	I	T	F	D	G
L	E	Z	A	I	F	O	Y	E	U	F	T	H	O
C	J	A	G	B	I	H	I	D	Z	A	E	Y	L
D	L	J	A	V	W	O	I	U	E	Z	Y	H	F
A	Z	Y	R	I	C	E	O	S	Ñ	B	F	A	I
Y	C	E	T	R	B	F	Ñ	A	LL	A	O	L	Ñ
P	F	I	O	T	Ñ	C	A	B	A	L	O	F	O
U	E	P	O	T	LL	Ñ	A	Z	Y	L	R	F	

## ANIMAIS BUSCA DEZ NOMES



Javier LÓPEZ SECO  
 1º E.S.O. A

## SOPA FRANCESA


Elena ARMADA TOJEIRO  
Nicolás LÓPEZ REY  
4º E.S.O. B

### MATIÈRES:

FRANÇAIS  
MATHEMATIQUES  
ESPAGNOL  
ANGLAIS  
MUSIQUE  
BIOLOGIE  
TECHNOLOGIE  
RELIGION  
GALICIE  
ÈTHIQUE

T	E	C	H	N	O	L	O	G	I	E	Z	A	T	R	U	R	G	Q	W
Q	W	E	R	T	Y	U	I	O	P	O	O	N	P	J	Y	E	A	E	M
A	S	D	G	H	J	K	B	V	N	M	I	G	K	H	O	D	L	R	U
X	F	R	A	N	Ç	A	I	S	T	U	O	L	A	S	K	C	I	T	S
C	G	Ñ	B	F	I	Ç	O	Ç	I	J	K	A	O	X	P	L	C	Y	I
V	N	P	F	A	Ç	U	L	T	F	I	Ç	I	L	E	Q	W	I	U	Q
B	Y	L	G	F	A	A	O	U	I	O	S	U	S	E	R	E	I	U	
N	I	O	A	Y	T	I	G	Ç	I	H	O	H	F	P	V	B	N	O	E
J	U	K	Q	E	U	Q	I	T	A	M	E	H	T	A	M	G	Y	P	A
O	O	I	J	U	H	A	E	R	W	U	Ç	Ñ	U	G	J	X	N	N	S
I	A	M	A	G	Ç	F	Ç	U	Q	H	U	P	Ç	N	Z	C	B	M	D
F	E	J	T	R	A	I	I	R	E	L	I	G	I	O	N	Q	R	O	F
E	U	Q	I	H	T	E	P	L	Ç	J	B	Ç	M	L	A	A	T	L	G
F	G	H	J	K	Z	X	C	V	B	N	M	L	Ñ	P	T	R	D	Y	H


## ENCRUCILLADOS



1. Peixe mariño de ollos avultados, de carne branca moi sabrosa.
2. Cor morada clara.
3. Insecto coleóptero de cor negra violácea con dous cornos frontais ramificados, tamén recibe o nome de escornabois.
4. Líquido incoloro e transparente formado por osíxeno e hidróxeno.
5. Parte superior ou anterior do corpo humano ou dos animais.
6. Froito do pexegueiro.
7. Árbore da altura dos moráceos.
8. Froita da tomateira.
9. Soporte inclinado para libros, papeis, partituras, etc..

Manuel de MAGALHAES RAMOS  
Laura RAMOS CREGO  
Armando SANTOS RIVEIRO  
Bibiana TEIJEIRO LÓPEZ  
1º E.S.O. B







1. Igualdade alxébrica cunha ou máis incógnitas.
2. Divisións dunha cousa en partes.
3. Dise de cada unha das dez partes iguais nas que se divide a unidade.
4. Forma de poderse dividir.
5. Retos que non presentan desviacións.
6. Capital de Polonia.
7. País con capital Ankara.
8. Colonia romana.
9. Serie de reis e principais dunha mesma familia.
10. Colonia romana, os seus habitantes chámanse cartaxineses.
11. Variedade de liño moi delgado.
12. Capital de Estados Unidos.
13. Non camiñar dereito. Camiñar sen firmeza nas pernas.
14. Armar ruído, barullo.
15. Cada unha das pedras longas que forman a campá da cheminea.
16. Gradación ascendente, punto culminante.
17. Elemento químico de símbolo "CL".
18. Galería cuberta arredor dun patio.

María MARTÍNEZ BREIJO  
 Yasmina PARDO GONZÁLEZ  
 Tatiana VILA MARTÍNEZ  
 1º E.S.O. B

1. Ave rapaz nocturna.
2. Reprodución sexual coa intervención de espermatozoides.
3. Que transborda e serve para transbordar.
4. Besta, animal que serve para cabalgar.
5. Vento moi forte que circula en espiral.
6. Belida no ollo do animal.
7. Fallar, non alcanzar un fin ou non resultar unha cousa como se pretende.
8. Pertencente ou relativo ao tifo.
9. Extirpar ou inutilizar os órganos reprodutores.
10. Abundante, copioso, fértil.
11. Bébeda refrescante feita cunha planta chamada tamén zarzaparrilla.


Ariane PAZ PRIETO  
 Aitor PIÑEIRO LOBO  
 Brais RODRÍGUEZ PÉREZ  
 Carmen TARACIDO PEDRE  
 1º E.S.O. A



Sara ABELLA SÁNCHEZ  
 Kelly VILLAFANE VELASQUEZ  
 Elena ZARA PERALLA  
 1º E.S.O. A

1. Nome xenérico para todas as moedas de metal ou papel, moeda corrente, cartos.
2. Líquido que se obtén pola fermentación do viño ou doutras substancias alcólicas, emprégase para condimentar, conservar, etc..
3. Galiña que aínda non pon ou que empeza a poñer ovos.
4. Molusco cefalópodo comestible con oito tentáculos provistos de ventosas.
5. Froito do pexegueiro.
6. Aceite. Técnica de pintura que consiste en dissolve-las cores nun aglutinante oleoso.
7. Aparello que serve para emitir ou recibir sinais electromagnéticas.
8. Que ensina ou instrúe.
9. Froito da tomateira, redondo, de pel lisa e vermella.
10. Arma portátil dotada dun ou dous canos.
11. Templo mahometano para prácticas relixiosas.
12. Relativo á vila.
13. O mes de outubro

1. Furacán ou ciclón tropical das costas orientais.
2. Torrada.
3. É a ciencia que estuda o comportamento humano para diferenciar as condutas boas dignas do ser humano.
4. Peixe mariño ou fluvial de corpo case cilíndrico.
5. Gran pequeno que sae na pel.
6. Peixe mariño de corpo aplanado sen escamas.
7. Faixa de madeira que protexe a parte inferior das paredes.
8. Insecto coleóptero de forma case esférica.
9. Articulación media da perna.
10. Instrumento músico de cordas que soan ao ser rozadas por un manubrio que se fai virar coa man.
11. Zume de froitas con algo de alcohol.
12. Instrumento propulsor de navíos.
13. Insecto coleóptero con corpo ovalado e duro.
14. Faixa de terreo que se deixa sen cultivar arredor dunha leira.
15. Asemblea de cidadáns romanos en que se votaban as leis e se elixían os maxistrados.
16. Planta herbácea de horta con gollas comestibles.
17. Establecemento oficial de ensino medio; instituto.
18. Terreo horizontal sostido por un muro de pedra.
19. Capital de Estonia.
20. Gorro que leva o Papa de Roma.
21. Brisa suave do amencer.
22. Asfixiar, agorar.
23. Doutrina que repugna a superioridade de certas razas humanas.
24. Concavidade que se forma entre os xeonllos e a cintura.



Lara FONTELA ALVELO  
 Gonzalo MARIÑA GUERREIRO  
 Iago MONTERO VIZOSO  
 Arkaitz RODRÍGUEZ MATO  
 1º E.S.O. B



# WHO IS WHO?

ALL THE CHILDREN BELOW ARE WORKING OR HAVE BEEN WORKING AT

IES CABO ORTEGAL

TRY TO GUESS WHO THEY ARE



1



2



3



4



5



6



7



8



9



10



11



12



13



14



15



16



17



18



19



20

WRITE YOUR ANSWERS ON A PIECE OF PAPER WITH YOUR NAME AND CLASS

AND PUT IT INTO THE GREEN LETTERBOX NEXT TO THE SCHOOL OFFICE

MAYBE YOU'LL BE THE WINNER!!!

Andrés VIZOSO BLANCO  
DEPARTAMENTO DE INGLÉS

# BENVENIDOS



**O DÍA 21 DE XUÑO OS NOVOS ALUMNOS DE 1º DE E.S.O. REALIZARON UNHA VISITA DE PRESENTACIÓN AO NOSO CENTRO ANTES DO COMEZO DO CURSO 2007-2008. VIÑERON ACOMPAÑADOS POLOS SEUS TITORES E A ORIENTADORA DO CENTRO E EXERCERON DE ANFITRIÓNS OS ALUMNOS DE 1º E.S.O. B NICOLE DOMÍNGUEZ, LAURA RAMOS, VIVIANA TRENTO E NOEL YÁÑEZ.**



**COFINANCIADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA,  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**